

Asemblea xeral de socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2010

Relatorio da Comisión Executiva

Estimad@s amig@s,

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha estrutura cada vez máis consolidada e con maior capacidade de traballo. E isto é grazas a que hai persoas nos Concellos e Deputacións socias con cada vez máis consciencia do papel a que as Administracións locais están chamadas no plano internacional, e saben apreciar mellor as potencialidades do Fondo Galego como catalizador deses esforzos.

Con todo, aínda queda moito por facer. Son moitas as entidades socias que non desenvolven actividade algunha durante o ano, como membros do Fondo Galego, ou que non se implican suficientemente naquelas actividades que se desenvolven nas súas localidades, esperando que a Secretaría Técnica, unha estrutura que non foi pensada para iso, faga todo o traballo. A grande vantaxe comparativa das Administracións locais está na súa proximidade da cidadanía: aproveitémola, impliquémonos en serio, achegando o coñecemento profundo das nosas localidades.

Cada vez que acollemos unha Visita ao Norte dalgún dos parceiros que apoiamos no Sur, cunha recepción institucional e unha conferencia; cada vez que organizamos un videoforum cos filmes do VídeoFondo; cada vez que asistimos a unha reunión da Rede Municipalista Solidaria ou da Asemblea de socios; cada vez que albergamos unha exposición e promovemos o desenvolvemento de obradoiros nos institutos, coas unidades didácticas do Fondo Galego; cada vez que axudamos a divulgar as actividades da asociación reenviando os IAFs, ou situándoos en lugar visible, ou colocando algún dos banners de campañas específicas no web dos nosos Concellos ou Deputacións; cada vez que conseguimos que a nosa entidade aumente un pouco a cota mínima de asociado, ou que cofinancie un proxecto a maiores... estamos a facer un pouco máis grande o Fondo Galego. O Fondo Galego non é a Comisión Executiva ou a Secretaría Técnica. Non podemos eludir responsabilidades. O Fondo Galego somos todo@s.

Por iso, en 2009 continuamos traballando, de modo conscientemente intenso, no mimo e potenciación da rede humana que integramos o Fondo Galego: con cursos formativos, para entendermos mellor cales son os principais problemas do Sur e as súas posibles solucións, para comprendermos cal é o papel que poden e deben desenvolver Concellos e Deputacións; ou coas Redes Municipalistas Solidarias, para que cada técnic@ municipal teña presente en todo momento con que materiais pode contar e que tipo de actividades pode promover, para que

poidan achegar suxestións e intercambiar experiencias. Todo isto, non obstante, serve de pouco se o persoal das entidades socias non participa. E a participación foi moi baixa.

De particular importancia foi a realización dunhas xornadas sobre a xestión económico-administrativa da cooperación para o desenvolvemento nas entidades locais, no mes de maio, das que resultou unha serie de recomendacións que en breve serán enviadas, en forma de díptico, a todos os socios. A heteroxeneidade neste ámbito segue a ser un problema que dificulta e carga innecesariamente o traballo do Fondo Galego. Fagamos chegar eses dípticos ás nosas interventoras e interventores.

En 2009, por primeira vez na súa breve historia, o Fondo Galego viu contraída a súa masa social, coa expulsión de cinco socios: A Cañiza, Carral, O Rosal, Ribadavia, e Salvaterra de Miño, por impago reiterado de cotas. É un pequeno paso atrás que en ningún caso pode tomar como coartada lexitimadora a crise económica. As cotas mínimas que se esixen para facer parte do Fondo Galego representan cantidades ínfimas, por volta do 0,05% dos orzamentos municipais, situándose moi lonxe do 0,7% a que nos chaman as autoridades internacionais e estatais, a que nos chama o máis elemental sentido humanista. A Comisión Executiva xa está desenvolvendo contactos e iniciativas encamiñadas a recuperar masa social.

No plano institucional, quedou patente que o Fondo Galego é capaz de manter unha relación fluída e estreita co goberno autonómico, independentemente da súa cor política. Isto simplemente vén a dar conta do rigor e seriedade do traballo desenvolvido. Tamén da cada vez maior consciencia da importancia da cooperación municipalista, en que o Fondo Galego, por razóns evidentes, debe centrar cada vez máis o seu labor.

No plano externo, o Fondo Galego continúa sendo referente para institucións e axentes da sociedade civil doutros territorios do Estado e mesmo do exterior, que demandan a nosa presenza asesora en diverso tipo de foros e traballos. Cómpre destacar a Confederación de Fondos española, como estrutura fundamental para o desenvolvemento de actividades que nos permitan intercambiar experiencias con asociacións similares á nosa e trasladar as nosas preocupacións comúns ás institucións centrais. Desde o Fondo Galego estamos a traballar, con lealdade e paciencia, para que a Confederación desenvolva un bo labor, útil para nós. As dificultades non están a ser poucas, pero esperamos que 2010 sexa un ano de avances.

Foi retomada a convocatoria de proxectos, destinada ás ONGDs galegas ou con presenza real e permanente en Galicia. Este ano, sumando os proxectos realizados con ONGDs e máis aqueles directamente seleccionados polo Fondo Galego, achegámonos xa ás 130 actuacións, en máis de 20 países diferentes. Con todo, debemos continuar a esforzarnos por concentrar os nosos esforzos nun reducido número de países, a fin de facer unha cooperación que teña verdadeiro impacto, evitando a dispersión dos recursos e afondando no desenvolvemento dun modelo de cooperación propia, acaído á singularidade do poder local.

É de destacar o Encontro de Avaliación do Documento de Estratexia País 2005-2008 (DEP 2005-2008), celebrado en Cabo Verde en setembro, coa participación dunha comisión político-

técnica do Fondo Galego. Cabo Verde ten concentrado boa parte da atención do Fondo Galego desde 2002. Pretendíase avaliar en que medida ese traballo, nos últimos anos, se tiña axustado ás liñas de acción previstas no DEP 2005-2008, a fin de mellorar a colaboración futura co municipalismo dun país, con serias debilidades estruturais, que continúa a ser unha prioridade.

Continuamos a avanzar na consolidación da Comisión de Cidades e Deputacións, que ten por obxecto fortalecer a cooperación directa do Fondo Galego, fechando o ciclo do proxecto e desenvolvendo actuacións de máis calado e pensadas a máis longo prazo. E isto faise aproveitando as maiores capacidades destas entidades socias. En 2010 será iniciado o primeiro proxecto, en Mozambique, apoiado con financiamento específico dos membros da Comisión. Agora é o momento de que estas entidades, todas e cada unha, cumbran o compromiso de aumentar as súas achegas ao Fondo Galego en, como mínimo, 15.000 euros.